

## **BASES**

### **Art. 1 – FINALIDADE**

Ignacio de las Cuevas S.A, con CIF A08484107 e domicilio en Rúa dos Teceláns 5, Código Postal 32001 de Ourense, con motivo da celebración dos 150 anos do GRUPO CUEVAS, organiza o I CONCURSO IGNACIO DE LAS CUEVAS DE CREATIVIDADE ARTÍSTICA (en diante CONCURSO), que se desenvolverá, canto ao seu ámbito territorial, na Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coas seguintes bases.

O obxectivo desta iniciativa é dar visibilidade ao talento relacionado coas artes plásticas en Galicia. No ano en que o Grupo Cuevas fai 150 anos, ponse en marcha un proxecto que, implicando ao mundo da cultura, pretende atopar aos “Novos e Centenarios” no ámbito das Artes.

### **Art. 2 – CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN**

O concurso está aberto a todos/as os/as autores/as maiores de idade (máis de 18 anos) de calquera nacionalidade e residentes legais na Comunidade Autónoma Galega, que soliciten voluntariamente dita participación e que cumpran coa totalidade dos requisitos establecidos nas presentes bases.

Non se permite a participación de empregados/as do Grupo Cuevas (conformado por Ignacio de las Cuevas S.A., Cuevas & Cía, Frunatur S.A., Tomóvil Cuevas S.A. e Cartera Inmobiliaria Cuevas S.L.) así como das empresas colaboradoras no deseño, desenvolvemento e execución deste concurso, ou daquelas persoas que teñan relación de parentesco ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Si poderán participar os/as titulares e empregados/as de establecementos en que se comercialicen os produtos de Grupo Cuevas.

O/a autor/a deberá cumprimentar de forma veraz os campos e datos solicitados no formulario de participación. Para os efectos do concurso, só se considerarán válidos os formularios con todos os campos cumprimentados. Non se admitirán datos inexactos ou que na data do concurso non se atopen en vigor. O/a autor/a comprométese a manter os datos proporcionados debidamente actualizados, sendo responsable dos danos e perxuízos que Ignacio de las Cuevas, terceiros ou el/ela mesmo/a puidesen sufrir como consecuencia da falta de veracidade, inexactitude, falta de vixencia e/ou autenticidade dos devanditos datos. Ignacio de las Cuevas resérvase o dereito de levar a cabo as verificacións necesarias sobre todos os datos facilitados no formulario de participación.

O formulario de participación, xunto coa documentación complementaria a que se fai referencia no art. 5 destas bases, deberá ser presentada antes das 13:00 horas do 28 de abril de 2017, segundo zona horaria española GMT/UTC+01:00 (Bruxelas, Copenhague, Madrid, París). A partir de dita hora e data, non se admitirá ningún formulario, documento ou traballo.

**EMENDA:** Amplíase o prazo de participación no certame ata o 9 de maio de 2017 ata as 23.59 horas.

Ignacio de las Cuevas validará todas as solicitudes de participación que se reciban. Unicamente terán a consideración de participantes no concurso aqueles/as autores/as cuxa inscrición e documentación complementaria aportada foran validadas pola entidade organizadora.

### **Art. 3 – DOTACIÓN ECONÓMICA**

Establécese unha dotación económica de 10.000 euros repartida en tres premios, que

se concederán en función da decisión do xurado.

**PREMIOS.** Concederanse os seguintes premios: — Gran Premio Ignacio de las Cuevas, dotado con 5.000 € — Mención Especial Grupo Cuevas, dotado con 2.500€— Mención Especial ABANCA Novos Talentos, dotado de 2.500€ (limitado a aqueles/as participantes que no momento da presentación da solicitude de participación teñan entre 18 e 30 anos). Os premios serán indivisibles. As contías indicadas son previas á aplicación das retencións fiscais establecidas pola lexislación española vixente.

En ningún caso, unha mesma obra poderá obter máis dun premio ou mención especial.

#### **Art. 4 – XURADO**

A Dirección de Ignacio de las Cuevas designará aos/ás integrantes do xurado, cuxa composición se publicará con anterioridade á resolución do certame. A decisión do xurado será inapelable e este resérvase o dereito para declarar deserto calquera dos premios

#### **Art. 5 – DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

Presentación de solicitudes: Os/as interesados/as en participar no certame poderán solicitar a súa participación de dúas formas:

- **solicitude online** a través da web <http://150aniversario.grupocuevas.com> completando a totalidade dos campos do formulario de participación e xuntando -en formato .pdf ou similar- un breve currículo artístico do/a autor/a en que se inclúa unha fotografía persoal actual, así como unha imaxe en cor da obra (máximo 5 MB resolución).

- **envío ou entrega nas oficinas** de Ignacio de las Cuevas S.A., sitas en Rúa dos Teceláns 5, Polígono Industrial “O Vinteún”, 32001 de

Ourense, España. Neste caso, a documentación para enviar será: o formulario de participación debidamente cumprimentado e asinado (ver anexo), un breve currículo artístico do/a autor/a en que se inclúa unha fotografía persoal actual e unha imaxe en cor da obra (máximo 5 MB resolución) acompañando todo isto da mesma documentación en formato dixital (en CD, DVD ou USB).

En ambos os casos, tal e como se establece no art. 2 deste documento, o prazo de participación será desde o 1 de marzo ao 28 de abril ás 13:00 horas, non se admitindo traballos presentados fóra de prazo.

**EMENDA:** Ampliase o prazo de participación no certame ata o 9 de maio de 2017 ata as 23.59 horas.

O certame está aberto a todas as técnicas artísticas dentro do ámbito das obras gráficas.  
[emenda aclaratoria]

Cada artista poderá presentar unha única obra orixinal e asinada cunhas dimensións máximas de 150 cm en calquera dos seus lados.

É condición indispensable que as obras presentadas sexan únicas, orixinais e que non foran presentadas a ningún outro certame.

Selección das obras finalistas: o Xurado constituído a tal efecto valorará e seleccionará entre o 1 e o 15 de maio (ambos incluídos) un máximo de corenta obras, que pasarán a ter a consideración de finalistas. Ignacio de las Cuevas solicitará aos/ás artistas finalistas seleccionados/as a presentación das obras orixinais, que poderán facer chegar ata as 13:00 horas, segundo zona horaria española (GMT/UTC+01:00) do 31 de maio de 2017, ás instalacións de Ignacio de las Cuevas S.A., (Rúa dos Teceláns s/n, Polígono Industrial “O vinteún” 32001 de Ourense, España). Os orixinais deberán ser presentados sobre un

único soporte e enmarcados cun listón que non exceda os 3 cm. Os/as finalistas remitirán as súas obras asinadas polo medio de transporte que consideren, sempre baixo o seu cargo e responsabilidade. Será requisito indispensable para a recepción das obras que estean protexidas cunha embalaxe reutilizable. Rexeitaranse aquelas que foran significativamente modificadas con respecto á imaxe presentada. Rexeitaranse aquelas que non se presenten en perfectas condicións ou que, pola fragilidade ou pouca consistencia do material empregado, poidan deteriorarse facilmente. Non se admitirán obras protexidas por cristal. As obras en papel só serán admitidas cunha protección de material plástico ou irrompible.

Ignacio de las Cuevas dedicará o maior coidado ás obras recibidas, porén declina toda responsabilidade por extravíos, danos, roubos ou calquera outro acto alleo á súa vontade que se poida producir durante o seu transporte, depósito ou exhibición.

Fallo do Xurado: O xurado determinará as tres obras premiadas antes do 31 de xuño de 2017 (inclusive), comunicando o resultado do fallo aos/ás autores/as gañadores/as.

O Xurado resérvase o dereito a declarar deserto calquera dos premios e estima que a calidade das obras presentadas non é suficiente e/ou non responden aos obxectivos do concurso.

Será requisito imprescindible que os/as premiados/as se comprometan a recoller o seu premio no lugar e forma que se indica máis adiante.

Exposicións: Tras a recepción dos orixinais das obras finalistas, Ignacio de las Cuevas, S.A. poderá organizar exposicións de acceso libre en diferentes cidades de Galicia (localizacións e datas que se determinarán e publicarán no

seu momento), tanto en salas expositivas como no exterior. Poderán exporse, a criterio do Xurado e da organización, todas ou parte das obras finalistas.

Estas exposicións realizaranse preferentemente entre xuño e setembro de 2017.

Durante as exposicións Ignacio de las Cuevas, S.A. dedicará o maior coidado ás obras recibidas, aínda que declina toda responsabilidade por extravíos, danos, roubos ou calquera outro acto alleo á súa vontade que se poida producir durante o seu transporte, depósito ou exhibición.

Entrega de premios: Durante o mes de novembro de 2017, Ignacio de las Cuevas organizará unha gala con motivo do peche dos eventos do seu 150 aniversario e en que se procederá á entrega de premios. A data definitiva comunicarse aos/ás autores/as premiados/as con antelación.

Devolución de obras: As obras non seleccionadas poderán ser retiradas antes das 13:00 horas, segundo zona horaria española (GMT/UTC+01:00) do 29 de decembro de 2017 (data de finalización da presente edición do concurso). Respecto das obras non retiradas no prazo indicado, entenderase que o/a seu/súa autor/a renuncia a calquera dereito sobre elas a favor de Ignacio de las Cuevas. Ignacio de las Cuevas lembrará aos/ás participantes, por vía do correo electrónico, os prazos anteriormente sinalados.

#### **Art. 6 – BAIXAS E DESCUALIFICACIÓNS**

Sen prexuízo do previsto noutros apartados deste documento, calquera participante que incumpra as presentes bases, directrices da entidade organizadora, mecánicas do concurso, axenda e/ou das normas de uso, conduta, educación e moralidade mínima

esixible poderán ser excluídos de forma inmediata pola organización. O uso de materiais ou contidos presentados como orixinais do/a artista que resulten realmente alleos ao/á mesmo/a ou que vulneren dereitos ou lesionen intereses de terceiros/as, de calquera natureza e clase, facultará á organización para excluír ao/á participante de forma inmediata do concurso. Así mesmo, calquera participante que amose unha conduta ou realice calquera acción que poida supor un descrédito á imaxe, bo nome ou reputación da entidade organizadora, do seu equipo directivo, dos membros do xurado ou dos/as demais participantes, poderá ser igualmente expulsado/a de forma inmediata pola organización. Calquera acto que resulte contrario á legalidade, moral e bos costumes facultará á entidade organizadora para excluír ao/a participante do concurso. E todo isto sen prexuízo das accións legais que poidan emprenderse contra calquera participante, ben pola propia entidade organizadora, ben por terceiros, en orde a esixir as responsabilidades de calquera natureza e clase en que puiden incurrir, así como as indemnizacións polos danos e prexuízos que a súa conduta, acción ou omisión puideren causar.

#### **ART. 7 – TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DEREITOS DE IMAXE**

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais facilitados por cada participante quedarán incorporados ao ficheiro "EVENTOS" propiedade de IGNACIO DE LAS CUEVAS, S.A. coa finalidade de xestionar todos os aspectos relacionados co presente concurso. Estes datos serán tratados

cos niveis de seguridade de protección de datos legalmente requiridos.

Os/as participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal por calquera das seguintes vías:

- dirixíndose por correo postal a IGNACIO DE LAS CUEVAS, S.A, rúa dos Teceláns, 5, Polígono Industrial "O Vinteún", 32001 Ourense. Deberá indicarse o dereito que se desexa exercer e xuntar copia do DNI ou documento acreditativo equivalente.
- a través do seguinte enderezo de correo electrónico [protecciondatos@grupocuevas.com](mailto:protecciondatos@grupocuevas.com). Deberá indicarse o dereito que se desexa exercer e xuntar copia do DNI ou documento acreditativo equivalente.

A aceptación destas bases supón, polo tanto, o consentimento e autorización por parte do/a participante para o rexistro e tratamento dos seus datos (incluídas a súa imaxe persoal e voz). Especificamente, o/a participante autoriza a súa utilización, divulgación e comunicación pública por calquera medio, canle, forma ou soporte no marco ou en relación ao mesmo, xa sexa para o seu uso durante a súa realización ou a súa terminación, como material gráfico ou audiovisual do mesmo, incluíndo a súa divulgación en medios de comunicación, portais de Internet, televisións públicas e privadas, redes sociais, portal do concurso e materiais de natureza informativa, promocional ou publicitaria asociados ao mesmo, sen que dita utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún

con excepción feita da entrega do premio gañado.

Así mesmo, os datos facilitados poderán ser comunicados e/ou tratados por terceiros/as para posibilitar a xestión administrativa, operativa, informática e promocional do concurso, por exemplo, membros do xurado, entidades e persoas colaboradoras.

#### **Art. 8 – PROPIEDAD INTELECTUAL**

O/a participante declara que os documentos, obras, contidos, imaxes ou fotografías que facilite á entidade organizadora son orixinais e que os conceptos e/ou elaboracións creativas que os compoñen non foron realizados por terceiras persoas non participantes no concurso. O/a participante será o/a único/a responsable da lexitimidade e legalidade dos documentos, obras, contidos, imaxes ou fotografías que facilite a Ignacio de las Cuevas no marco do rexistro e desenvolvemento do concurso, debendo ser obras orixinais do/a mesmo/a, declarando ser o/a autor/a dos mesmos así como, no seu caso, obter a autorización das persoas cuxa imaxe puidera ser utilizada nos mesmos. Calquera reclamación dirixida á entidade organizadora e/ou persoas ou entidades colaboradoras por un/ha terceiro/a en relación coas aportacións e contidos creados e/ou subministrados polo/a participante será asumida en exclusiva por este/a, exonerando á entidade organizadora e/ou persoas ou entidades colaboradoras de calquera responsabilidade. O/a participante asumirá todos os custes que xere a defensa xurídica da entidade organizadora e, no seu caso, entidades ou persoas colaboradoras, fronte a dita reclamación, xa sexa administrativa, arbitral ou xudicial, incluíndo honorarios de procurador e letrado, indemnizacións de testemuñas ou gastos de peritos, así como o pago de calquera sanción ou indemnización

que puiden ser imposta, así como a indemnización de calquera outro dano ou prexuízo que puiden sufrir a entidade organizadora ou entidades colaboradoras polas reclamacións efectuadas contra as mesmas. A obra presentada polo/a autor/a no concurso poderán ser exhibida total ou parcialmente por parte da entidade organizadora no marco do mesmo, tanto durante o seu desenvolvemento como despois da súa terminación. Ditas obras poderán ser divulgadas e exhibirse publicamente pola entidade organizadora en relación co concurso por calquera medio, canle ou soporte, incluíndo a web corporativa da compañía, medios de comunicación, notas de prensa; así como no propio material corporativo da entidade organizadora como material asociado ao concurso. As obras poderán ser incorporadas ao material promocional e publicitario do concurso desta edición como de posteriores, con mención á súa autoría. Os/as participantes ceden á entidade organizadora, no marco e en relación estritamente ao concurso desta edición ou posteriores, os dereitos para mencionar e utilizar o seu nome artístico en calidade de participante, a súa imaxe e marcas que lle designen, así como a súa reprodución, divulgación, impresión, publicación e difusión a través de calquera medio de comunicación, co obxecto de que se poidan realizar, directa ou indirectamente, actos de información, promoción e publicidade do concurso. A entidade organizadora quedará igualmente exenta de calquera responsabilidade que puiden derivarse en caso de plaxio ou infracción de dereitos de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe de terceiros/as que se puiden derivar dos traballos, obras, contidos, vídeos ou fotografías creados e/ou subministrados polo/a participante.

As obras premiadas co Gran Premio Ignacio de las Cuevas, Mención Especial Grupo Cuevas e Mención Especial ABANCA Novos Talentos pasarán a ser propiedade de Ignacio de las Cuevas S.A. Os/as autores/as das obras premiadas cederán a favor de Ignacio de las Cuevas en exclusiva e a título gratuito, os dereitos de propiedade material e intelectual relativos á súa explotación e en particular, á reprodución, divulgación, distribución e comunicación pública.

Os/as autores/as finalistas cederán os dereitos de explotación das súas obras en exclusiva a Ignacio de las Cuevas S.A. nos termos previstos nas presentes bases, até o remate da presente edición do concurso. Os dereitos de explotación que se ceden son os de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas ao día da data. A cesión dos dereitos de explotación esténdese a todos os países do mundo.

Respecto das obras non retiradas no prazo indicado, tal e como se indica no art. 5, entenderase que o/a seu/súa autor/a renuncia a calquera dereito sobre elas a favor de Ignacio de las Cuevas, quen poderá dispor da obra con absoluta liberdade e polo valor máximo de duración segundo o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, en exclusiva e a título gratuito, dos dereitos de propiedade material e intelectual relativos á súa explotación e, en particular, á reprodución, divulgación, distribución e comunicación pública.

#### **Art. 9 – XURISDICIÓN COMPETENTE**

Para a resolución de calquera controversia suscitada entre a entidade organizadora e calquera participante que non fora resolta conforme ao indicado no parágrafo anterior,

serán competentes os Xulgados e Tribunais da cidade de Ourense (España), renunciando expresamente os/as participantes ao foro que por Lei lles puidese corresponder.

#### **Art. 10 – ACEPTACIÓN**

A participación no concurso implica o total coñecemento, aceptación e cumprimento sen reservas e na súa integridade das condicións de participación e das presentes bases. O incumprimento destas bases suporá a exclusión automática do concurso e premios. No caso de que a entidade organizadora detecte calquera anomalía ou sospeite que un/ha participante, ou un/ha terceiro/a, estean a impedir, alterando ou dificultando o normal e bo desenvolvemento do concurso, poderá, de forma unilateral, excluír a súa participación no mesmo. Calquera dúbida, cuestión ou conflito suscitado(s) en relación coas presentes bases e concurso será resolta pola Dirección de Ignacio de las Cuevas S.A. A participación neste concurso supón a aceptación expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe Ignacio de las Cuevas, así como a aceptación do veredicto do xurado. Ignacio de las Cuevas resérvase o dereito para retirar ou cambiar o concurso por razóns técnicas, organizativas, operativas ou comerciais, modificando no necesario as presentes bases. A entidade organizadora queda exenta de calquera responsabilidade se por causa fortuíta, de forza maior ou por imperativo legal se anulase ou se suspendese o concurso. Este concurso será nulo e sen efecto naquelas xurisdicións onde a lei local restrinxen ou prohíben concursos deste tipo. Cada participante confirma ter coñecemento da lexislación local aplicable e renuncia a levar a cabo calquera acción legal contra Ignacio de las Cuevas, S.A. ou calquera outra do mesmo grupo, calquera dos seus



IGNACIO DE LAS CUEVAS, convoca o  
I CONCURSO IGNACIO DE LAS CUEVAS DE CREATIVIDADE  
ARTÍSTICA

directivos, empregados/as, axentes, con  
relación ao presente concurso, no caso de  
conflito algún coa lexislación local.